



**ILMO. CONCELLO DE CANGAS**

(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 14 de decembro de 2015

HORA DE COMEZO: 21:00 h.

HORA DE REMATE: 21:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbelo, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**1º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**1.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

1.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as precep-

tivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ao concello e estará obrigado a repoñer, ao seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ao concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 21.658.- LICENZA MUNICIPAL N° 20.996.- A A. S. G., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente o reformado do proxecto visado o 3 de novembro de 2.015 e presentado no concello o 11 de novembro de 2.015.

#### 1.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA

EXPEDIENTE N° 25.772.- A José Luis Fontán Puga, para en Sartaséns 38 - Aldán, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, desmontar unha edificación existente, de conformidade co proxecto do arquitecto Carlos Brihuega del Moral, visado o 5 de novembro de 2.015.

No presente expediente tamén se solicita a reconstrución na mesma finca de unha vivenda, que se denega por incumprir a ordenanza de aplicación, SNUN+, o non contar coa fronte mínima de parcela a vial público.

#### 1.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ao concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ao outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 22.842.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.923.- A M. B. P., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente o estado final, redactado polo aparelador Emilio Camaño Malvido, visado o 3 de novembro de 2.015.

## **2º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.049.- M. J. A. F., cerco en Tralo Castro - Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.648.- C. P. B., cambio cuberta en Orelo 22 - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.665.- F. T. C., cerco en Santa Marta - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.741.- E. S. F., caseta en Liméns - Hio.

EXPEDIENTE N° 27.757.- M. L. Y. e M. N. M., cerco en Balea - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.760.- M. L. C. L., reparación de garaxe e alpendre en A Castiñeira - Pinténs - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.761.- J. J. F. P., cerco lateral en parcela en Granxa do Telleiro 17 - Coiro.

EXPEIENTE N° 25.770.- COMUNIDADE PROPIETARIOS PRIMAVERA, reparación cuberta plana e patio en Camiño Vello de Rodeira 3 - Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.771.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO XOIA, rehabilitación fachada en Avda. De Lugo 18 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.773.- L. F. O., cerco en Estrada Donón 15 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.778.- J. J. P. C., lixado e pintado interior en Félix Ozamiz 43-2ºD-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.782.- M. G. B., acondicionamento local en Eirado do Sinal 10 - Cangas.

### **3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E PATRIMONIO S/RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO CONTRATO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CANGAS**

Dáse conta de proposta do día 10.12.2015 do concelleiro de Urbanismo e Patrimonio, referente a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cangas, que é como segue:

#### *“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO*

*Considerando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xullo de 2015, se iniciou o procedemento para a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas por solicitude de Consultora Galega, SL, adxudicataria do contrato, con base no artigo 111.c) do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.*

*Considerando que o contrato foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de outubro de 2006 á Consultora Galega, SL, sendo modificado por acordos da Xunta de Goberno Local do 26 de agosto de 2009 e 9 de novembro de 2010 e por resolución de Alcaldía de data 13 de agosto de 2012.*

*Considerando que con data 24 de agosto de 2015 se emitiu informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a devandita resolución do contrato.*

*Comprobado que non concorre causa de resolución imputable ao contratista e que existen razóns de interese público que fan inconveniente a permanencia do contrato, tal e como consta na proposta de data 23 de outubro de 2015.*

*Considerando que con data 25 de novembro de 2015 citouse ao adxudicatario do contrato para a sinatura da acta de resolución do contrato.*

*Visto que consta no expediente informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 10 de decembro de 2015.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Resolver por mutuo acordo o contrato de contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan Xeral da Ordenación Municipal de Cangas, suscrito en data 28 de decembro de 2006 pola empresa Consultora Galega, SL, e por este concello, baixo as seguintes e particulares estipulacións:*

— *Polo Concello de Cangas procederá á devolución das seguintes garantías depositadas na tesourería municipal: Aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) por importe de nove mil setecentos noventa e seis euros (9.796,00 €); aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 11 de agosto de 2009, por importe de cinco mil oitenta e oito euros (5.088,00 €); aval bancario de Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (Caixanova) do 10 de decembro de 2010 por importe de mil cincocentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (1.522,48 €) e aval bancario de Novagalicia Banco de data 17 de xullo de 2012 por importe de oitocentos corenta euros (840,00 €).*

— *O Concello de Cangas aboará a Consultora Galega, SL, o 10 por 100 do prezo dos traballos pendentes de realizar en concepto de beneficio deixado de obter, o cal supón un total de catorce mil cento cincuenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (14.154,95 €).*

— *Consultora Galega, SL, entregará ao Concello de Cangas todos os traballos realizados en execución do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan xeral da ordenación municipal de Cangas en arquivos abertos, formato de texto tipo word (extensión txt, doc, docx) e formato de debuxo tipo autocad (extensión dwg).*

*Os efectos da resolución por mutuo acordo serán desde o día seguinte á recepción da notificación do presente acordo por Consultora Galega, SL.*

*SEGUNDO.- Notificar aos interesados para os efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Urbanismo e Patrimonio, referente a resolución por mutuo acordo do contrato de consultoría e asistencia para a redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cangas.

## **FACENDA**

### **4º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

**4.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 576/2015 DE 21/10/2015 DO XULGADO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RESOLUTORIA DO RECURSO DE APELACIÓN Nº 362/2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada do seguinte procedemento:

- SENTENZA N° 576/2015 DE 21/10/2015 DO XULGADO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RESOLUTORIA DO RECURSO DE APELACIÓN N° 362/2015 (X-14/21)

Reclamante: B. C. G.

Asunto: reclamación complementos salariais.

Contido: dar conta á Xunta de Goberno Local da sentenza n° 576/2015 da sección 1 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -da que se dá traslado por oficio de data 23/11/2015 con rexistro de entrada no concello n° 15346 do 26/11/2015- que desestima o recurso de apelación interposto contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo n° 3 de Pontevedra, do 16 de abril de 2015, pola que se desestimou integramente a reclamación do demandante confirmando esta e condenando ao apelante ao pago das custas da alzada.

Recursos: a sentenza é firme.

#### 4.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA N° 263/2015 DO 26/11/2015 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada do seguinte procedemento:

- SENTENZA N° 263/2015 DO 26/11/2015 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO N° 3 DE PONTEVEDRA

Reclamante: J. E. G. P.

Asunto: reclamación titularidade pública de camiño de Fanequeira en Plinténs.

Contido: dar conta a Xunta de Goberno Local da sentenza n° 263/2015 do Xulgado do Contencioso, n° 3 de Pontevedra -que ordena ao concello, nun prazo de SEIS MESES, a instruír un expediente de recuperación posesoria do camiño de Fanequeira en Pinténs-O Hío.

Recursos: a sentenza é firme.

#### **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

**5°.- PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 7.12.15, relativa a resolución de concesión de axudas de emerxencia social, que di:

*“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Estanislao Graña García, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).*

*En relación coa solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €) a Dona M. I. M.”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

**DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

**6º.- PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE**

**6.A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

Dáse conta de proposta do día 10.12.15 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a postos de venda ambulante, que di o seguinte:

*“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL (V-15/051)*

**ANTECEDENTES**

*Por escrito con rexistro de entrada nº 15296 do 26/11/2015, D. D. S. J., solicita a baixa do posto nº 69 por motivos persoais.*

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*1.- A vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria, no seu artigo 18, como un dos supostos de extinción anticipada da autorización relacionando unha serie de supostos que se asimilan a esta.*



*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da renuncia voluntaria presentada por D. D. S. J. e declarar extinguida a autorización de venda ambulante do posto nº 69, do que era titular, tramitando en consecuencia a súa baixa no padrón de cobro da taxa correspondente.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local e Tesourería, xunto cos recursos procedentes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a postos de venda ambulante.

#### 6.B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Dáse conta de proposta do día 10.12.15 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a postos de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL (V-15/052)*

#### *ANTECEDENTES*

*A pedimento desta concellería os conserxes do mercado teñen informado o 11 de novembro de 2015 e o 18 de novembro de 2015 que D. S. J. G. titular do posto de venda ambulante nº 55, de 10 metros, do mercado do venres, incorre na circunstancia prevista no artigo 18.c da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013), dado que 'nos últimos 16 meses soamente montou o posto un día'.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

*I.- A vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) recolle a renuncia voluntaria, no seu artigo 18, como un dos supostos de extinción anticipada da autorización e relaciona unha serie de supostos que se asimilan a esta.*

*En concreto e tal e como se sinala nos informes dos conserxes do mercado, un deses supostos é o previsto no apartado c). A non ocupación do posto asignado*

*durante un período de oito días de mercado seguidos ou doce alternos (estes últimos nun período de seis meses) sen causa que o xustifique.*

*II.- Dos informes dos conserxes do mercado antes mencionados, dedúcese que se incorre no suposto previsto no apartado citado e que se asimila á baixa voluntaria, polo que, en aplicación do disposto no mentado artigo 18, procede iniciar expediente dirixido a declaración da renuncia, outorgando previa audiencia ao interesado.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Iniciar expediente de baixa da autorización de venda ambulante da que é titular S. J. G., pola concorrencia do suposto previsto no artigo 18.c) da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013), pola non ocupación do posto asignado durante o período previsto no citado artigo en base aos informes dos conserxes do mercado do 11/11/2015 e 18/11/2015.*

*SEGUNDO.- Outorgar audiencia ao interesado por un período de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación do acordo en cumprimento do disposto no citado artigo 18.*

*TERCEIRO.- Notificar o acordo a S. G. J., advertíndolle que contra este non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de trámite, sen prexuízo de que presente o que considere axeitado."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, transcrita anteriormente, referente a postos de venda ambulante.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/CONTRATACIÓN DE DOCENTE PARA IMPARTICIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN**

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 10.12.15, referente a contratación de persoal para a impartición de cursos de formación, que di o seguinte:

*“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

*De acordo coa Resolución da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de data 29 de xuño de 2015, expte. AFD 2015/000063-5, pola que se lle concede ao Concello de Cangas unha subvención para a realización da acción formativa do Plan AFD-2015 de XESTIÓN ADMINISTRATIVA E FINANCEIRA DO COMERCIO INTERNACIONAL (código da especialidade COMT0210; núm. do curso 2015/2192), tendo en conta que esta acción formativa inclúe dous módulos complementarios que suman un total de 18 horas, en concreto o módulo FC0003: inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 horas) e o módulo FCOXXX05: formación para a igualdade (8 horas).*

*Visto que consta no expediente certificado de existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.*

*De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Formalizar con S. M. G. C., o contrato menor de servizo para a impartición da formación dos dous módulos complementarios que de seguido se relacionan, incluídos na mencionada acción formativa do Plan AFD de xestión administrativa e financeira do comercio internacional, número 2015/2192:*

- FC0003: inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 horas).*
- FCOXXX05: formación para a igualdade (8 horas).*

*SEGUNDO.- Que a prestación do servizo docente se realice de acordo coas características e concrecións seguintes:*

- Módulo FC0003: inserción laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero (10 horas): os días 11 e 14 de decembro de 2015, en horario de 8:15 a 15:15 o día 11 e de 8:00 a 11.00 o día 14.*
- Módulo FCOXXX05: formación para a igualdade (8 horas): os días 14 e 15 de decembro de 2015, en horario de 11:00 a 15:15 o día 14 e de 8.00 a 11:45 o día 15.*
- Custo total da prestación do servizo docente por ámbolos dous módulos - complementarios: cincocentos setenta e seis euros (576,00 €) polas 18 horas e por todos os conceptos, IVE incluído, a razón de trinta e dous euros (32,00 €) brutos por hora.*

- *Forma de pagamento: unha vez prestado o servizo docente, entregando a correspondente factura no Rexistro Xeral do Concello de Cangas, facéndose efectivo o seu pagamento por medio de transferencia bancaria no número de conta que indique o/a traballador/a autónomo.*

*TERCEIRO.- Que este contrato se realice con cargo á citada subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a impartición da referida acción formativa núm. 2015/2192.*

*CUARTO.- Notificar a resolución á adxudicataria no prazo de dez días a partir da data da sinatura da resolución.*

*QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda quedar informada da resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a contratación de persoal para a impartición de cursos de formación.

## **B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

### **B.1) SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente, coas condicións indicadas ao seguinte solicitante:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
J. I. A. (representante da <i>Asociación de Caridade Santiago Apóstol de Cangas</i> )	Rúa Lisboa, nº 3-Cangas. Autorízase o cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente nº 938 de placa concedida en X.G.L. do día 18.03.2013 a Ángela Rodas Castro no referido lugar.

### **B.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA ENTRADA DO ESTACIONAMENTO ALTAMIRA POR RÚA BAIONA**

Dáse conta de informe da Policía Local do día 14.12.15, referente a sinalización na entrada do estacionamento Altamira por rúa Baiona, que di o seguinte:

*"Nº REX.: 2175/15*

*ASUNTO: PROPOSTA DE SINALIZACIÓN NA ENTRADA DO ESTACIONAMENTO ALTAMIRA POR RÚA BAIONA*

*A Xefatura da Policía Local por medio do presente, informa:*

*Preséntase proposta de sinalización de zona reservada para carga e descarga do Supermercado Eroski, prohibíndose o estacionamento no marxe dereito dende a intersección da rúa Antonio Nores ata a entrada do estacionamento, onde se colocaría sinal vertical S-17 de estacionamento (público)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local.

**B.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/MEDIDAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE GANDÓN-ALDÁN PO-315**

Dáse conta de informe emitido o día 27.11.15 pola Policía Local, referente a medidas a adoptar para mellorar a seguridade viaria no lugar de Gandón-Aldán na estrada PO-315, que é como segue:

*"Nº rex. 2023/15*

*ASUNTO: MEDIDAS PARA MELLORAR A SEGURIDADE VIARIA NO LUGAR DE GANDÓN (ALDÁN) PO-315*

*Os policías locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:*

*Que na tarde do 27 de novembro de 2015 a instancia da presidenta da AW de Gandón (Aldán), achegáronse ata as proximidade da estrada PO-315 coa entrada próxima do enlace do Corredor do Morrazo, xa que segundo denuncia en representación do colectivo, a ausencia de medidas de control de velocidade e seguridade viaria fai que, transitar a pe ou en vehículos, sexa unha tarefa perigosa. Unha vez no lugar, mais concretamente no cruzamento da PO-315 co camiño da Fonte de Gandón (que se atopa próximo a unha curva con mala visibilidade) a incorporación á vía, tendo en conta o feito descrito anteriormente e á velocidade inadecuada a que circulan moitos vehículos, realízase con perigo. Por outro lado, a falta de beirarrúas dun lado da estrada e o estacionamento de vehículos nese marxe, obriga aos peóns a transitar con certo perigo, véndose obrigados estes a cruzar a estrada para facelo polo lado onde si existen beirarrúas, non existindo ningún paso de peóns máis próximo que o que se atopa nas proximidades da Panadería San Amaro, a aproximadamente 200 metros. Tendo en conta estas circunstancias e para unha mellor seguridade viaria do lugar, sería recomendable colocar sinalización vertical e horizontal de paso de peóns, achegada da preceptiva sinalización de limitación de velocidade tendo en conta estas circunstancias.*

*No que respecta a instalación de redutores de velocidade ou pasos elevados de peóns, consideramos que deberían ser os técnicos encargados pola administración competente da vía, neste caso a Consellería de Obras e Infraestruturas da Xunta de Galicia, quen deberían informar sobre isto. O que trasladan para o coñecemento e os efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local.

### B.3) SOLICITUDE DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA NA AVDA. DE MARÍN, N° 19

Vista a solicitude presentada o día 24.11.15 por F. J. P. M., representante da entidade *O Colmado de Marujamaría, CB*, no que solicita a ocupación de vía pública coa instalación dunha terraza na Avda. de Marín, n° 19-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda denegar a solicitude presentada polo sr. P. M., de conformidade co informe emitido pola Policía Local.

### **C) DACIÓN DE CONTA DE PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO PAM 2015-ACTIVIDADES, ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 14.12.15, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención do PAM-2015-ACTIVIDADES, actividades medioambientais, que é como segue:

"PROPOSTA

#### **APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO PAM 2015-ACTIVIDADES, ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS**

De conformidade coa documentación que consta no expediente da subvención concedida polo importe de 10.129,27 euros, pola Deputación Provincial, dentro do Plan PAM-actividades 2015, para a realización do programa ACTIVIDADES MEDIO AMBIENTAIS, cun orzamento total de 12.100,00 euros, proponse á Xunta de Goberno Local:

Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida polo importe total de 12.107,14 euros, de conformidade co seguinte desglose:

\*\*\*

---

Proveedor CIF	Nº factura	Concepto
---------------	------------	----------

---

Importe e data de Resolución de Alcaldía de aprobación facturas

---

STAPLES PRODUCTOS OFICINA SLU B28279511  
256,14

AD2550Material actividades en praias

08/09/2015					
ADICAM G3638031	2	Actividades medioambientais	900,00		
16/09/2015					
Punto pasión playa G36457877	14/2015	Monitores actividades praias	1.500,00		
19/10/2015					
Club Kayak de mar Illas Atlánticas G94065968	02/15	Monitores actividades medioambientais	3.267,00		
19/10/2015					
Central Efectos Navales B36301950	1395	Material actividades medioambientais	623,50		
19/10/2015					
STAPLES PRODUCTOS OFICINA SLU B28279511		AE1355 Material actividades medioambientais	• 252,24		
19/10/2015					
IRISAR DESEÑO E IMPRESIÓN S.L. B36400067	264/15	Carpetas	851,84		
28/10/2015					
' 1					
IRISAR DESEÑO E IMPRESIÓN S.L. B36400067	263/15	Camisetas	671,55		
28/10/2015					
3					
	23	Monitores medioambientais en praias	1.200,00		
CLUBE NAUTICO RODEIRA G36040756				19/10/2015	
	01-190		180,00		
RIAL ALVAREZ ADRIAN 53118302D		Material actividades medioambientais		19/10/2015	
	01/2015	Monitores	533,00		
ASOCIACION COLONIAS CANGUESAS G94108453		actividades medioambientais		28/10/2015	
	9893	APC Bicolor	935,33		
PEYCAR Pontevedra S.L. B36112043				04/11/2015	
	2015/001	Actividades medioambientais	887,99		
Agrupación micolóxica naturalista Liboreiro G36352532		é		20/11/2015	
	AK3364	Xornadas	48,55		
Staples Productos de oficina SLU B28279511		medioambientais		20/11/2015	
			12.107,14		
Total					

• Que os gastos que figuran son reais; tomouse razón na contabilidade na partida, 172 22609 01, que cumpriuse coa finalidade da subvención e que todos os documentos están no expediente e á disposición da Deputación Provincial".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a aprobación de conta xustificativa da subvención do PAM-2015-ACTIVIDADES, actividades medioambientais

## **D) SOLICITUDE PARA OCUPACIÓN DE ZONA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN INFANTIL**

Visto o escrito de M. D. B. C., no que solicita autorización municipal para a instalación dunha atracción de feira infantil denominada *Scalextric*, de 50 metros cadrados, durante o período que vai do día 12 de decembro de 2015 ata o 5 de xaneiro de 2016 ambos inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a solicitude da Sra. B. C., para instalación dunha atracción infantil, debendo axustarse ás seguintes condicións:

PRIMEIRA.- A presente autorización conleva a obrigatoriedade realizar o pagamento previo das taxas correspondentes que lle liquide a oficina de Xestión de Ingresos.

SEGUNDA.- A situación da ocupación en zona pública deberá indicarse pola concelleira de servizos, sendo a opción mais favorable a explanada das carpas na zona de Ojea.

TERCEIRA.- Deberá deixar a zona de ocupación coa instalación pretendida nas mesmas condicións nas que se atopa na actualidade.

## **E) COMUNICACIÓN DE DISPOÑIBILIDADE DO ANTIGO LOCAL DESTINADO AO ORAL NO CONCELLO DE CANGAS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, queda informada do seguinte contido de escrito do ORAL de Pontevedra (R.E. nº 15.623 do 03.12.15):

*“De acordo coas indicacións solicitadas por ese concello, desde o ORAL procedeuse á retirada do mobiliario e a documentación existente no local cedido polo concello e onde o ORAL prestaba os seus servizos ata agora (situada no propio concello de Cangas).*

*Comunícase que, unha vez finalizado o traslado, poden dispoñer do local cando o estimen conveniente”.*

## **F) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE PROXECTO MODIFICADO DE “DEMOLICIÓN DE PLANTA DE FABRICACIÓN DE FORMIGÓN FRESCO E NAVE DE ALMACÉN”**

Dáse conta da proposta de Alcaldía de 14 de decembro de 2015, que literalmente dí:



## "PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 27 de xaneiro de 2015 acordouse o inicio do expediente de contratación para a demolición da planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén sita na Portela, de conformidade co o proxecto técnico denominado "DEMOLICIÓN DE PLANTA DE FABRICACIÓN DE FORMIGÓN FRESCO E NAVE DE ALMACÉN", redactado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez en decembro de 2015, que ascende a un importe total do orzamento xeral de cincuenta e dous mil douscentos seis euros (52.206,00 €), en execución da sentenza ditada no PO 93/2005, peza de execución 21/09C

Visto que dada as características da obra de demolición e as aparentes discrepancias existentes entre a realidade e o proxecto de obras que serviu de base para a redacción do proxecto de demolición citado procedeuse á realización dunha medición in situ nos terreos de Prefabricado Barros sitos na Portela por parte dos técnicos municipais o pasado 9 de decembro de 2015, logo do decreto ditado o pasado 26 de novembro de 2015 polo Xulgado Contencioso nº 1 de Pontevedra, polo cal se declara que as resolucións ditas no procedemento de execución nos habilitan para acceder á propiedade de Prefabricados Barros

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou iniciar o expediente para a dita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta en data 27 de xaneiro de 2015 e toda vez que o procedemento máis axeitado continua sendo o procedemento negociado sen publicidade.

Despois de examinar a documentación achegada e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda e no artigo 110 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

### **PROPOÑO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto modificado de "Demolición de planta de fabricación de formigón fresco e nave de almacén" redactado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Perez, en data decembro de 2015, cuxo orzamento ascende a 46.387,15 € ( IVE incluído)

**SEGUNDO.** Que se redacte o correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o Contrato e o proceso de adxudicación.

**TERCEIRO.** Que se realice a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente.

**ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente